

A lingua na radio galega

MARÍA XESÚS VÁZQUEZ LÓPEZ

A Radio Galega é a primeira emisora do país que emite as vinte e catro horas do día en lingua galega. Empezou a emitir o 24 de febreiro de 1985 e a inauguración oficial tivo lugar o 29 de marzo dese mesmo ano. A súa existencia débese á aprobación da Lei 9/1984 do 11 de xullo de Creación da Compañía de Radio-Televisión de Galicia polo Parlamento de Galicia, que creaba así os medios de comunicación públicos galegos para a "promoción e difusión da cultura e lingua galegas, así como a defensa da identidade da nacionalidade galega".

Tendo en conta todo isto, a radio e a televisión servirían para modificar os usos lingüísticos dunha comunidade que desprezaba o seu idioma e que vivía un proceso de abandono do mesmo. Tratábase de evitar isto e de facer ver que o galego se pode empregar en tódolos ámbitos da vida e que coa nosa lingua podemos expresar todo o que queiramos.

O nacemento dos medios públicos galegos provocou unha gran expectación e supuxo un fito moi importante e decisivo no proceso de normalización lingüística. Non houbera nunca antes en Galicia ningunha radio que emitise integramente tódalas horas do día na lingua propia do país.

Neste artigo imos analizar a lingua empregada na emisora pública galega e a súa transcendencia e repercusión na sociedade.

A LINGUA EMPREGADA NA RADIO GALEGA

O galego é o vehículo de expresión da radio pública de Galicia. Contra o que debería ser (modelo de bo falar), non se pode dicir que o galego que escoitamos en antena sexa o máis recomendable, aínda que se aprecia unha gran mellora desde os seus comezos. A función lingüística da emisora debe ir por ese camiño, como sucede noutros países coa lingua dos medios, que serve de patrón lingüístico para imitaren tódolos falantes. Pero claro está que o galego empregado agora mesmo non é precisamente digno de tal imitación, posto que aínda ten unha serie de erros que se van eliminando pouco a pouco. Cabe esperar que dentro doutros cinco anos máis a calidade lingüística da emisora sexa óptima, o que se está camiño de conseguir. Abonde lembra-lo nivel do galego que aparecía en antena en 1985. Non se pode comparar co de hoxe en día. Avánzase por tanto, aínda que se cadra non tan axiña como desexaríamos.

O ACENTO

O acento que se escoita na Radio, como o da Televisión de Galicia ou o empregado nas dobraxes, semella busca-la maior diferenza posible co auténtico acento galego. Parece que se busca un acento "neutro", ou sexa, o máis parecido posible ó castelán. O que se consegue con isto é o rexeitamento da audiencia, que non reconece como galego de verdade o falado nos medios de comunicación. Para os falantes galegos os locutores empregan palabras galegas pero con acento alleo, co que o efecto conseguido é o de falsidade. Ese non é o galego que se falou no país desde sempre.

Ademais, se non se utiliza o acento propio, decátanse de que non é por ignorancia, xa que os mesmos locutores empregan un acento ou outro segundo o nivel sociocultural ou socioeconómico dos entrevistados. Así utilizan o acento galego cos campesiños, mariñeiros, obreiros, etc., e o acento "neutro" con médicos, avogados, ... en eral con xente dun nivel máis elevado socialmente. Isto é unha mostra de diglosia evidente, na que non pode caer un medio público encargado de normaliza-lo uso da lingua do seu país.

De tódolos xeitos, vaise apreciando lentamente unha mellora. É cuestión de convencemento dos propios locutores da súa responsabilidade nun proceso de enorme transcendencia. Ademais cómpre unha rápida solución tanto a esta cuestión coma á do nivel de lingua empregado en antena coa creación dunha Facultade de Periodismo en Galicia, algo imprescindible nestes momentos no país. É totalmente necesaria porque os redactores actuais teñen que formarse en Cataluña, Madrid ou Navarra, o que os afasta da súa Terra nos momentos clave da súa formación profesional. Deste xeito observamos logo despistes de mala pronunciación de palabras, de descoñecemento doutras ou de ignorancia total do nome dalgúns topónimos do país, que lles resultan completamente estraños para eles. É pois urxente a formación dos xornalistas en Galicia e en galego con miras ó seu futuro traballo no país.

A LINGUA

A lingua resíntese dunha serie de defectos que non deberían aparecer en antena nun medio creado para normaliza-lo seu uso. Distinguiremos neles os fonéticos, os morfosintáticos e os léxicos.

a) Fonéticos

O máis rechamante é a indistinción dos timbres das vocais. Isto, aínda que non abunda tanto coma ó principio, séguese escoitando con relativa frecuencia. Débese á utilización do sistema vocálico do castelán (/a/, /e/, /i/, /o/, /u/) fronte ó do galego con sete vocais (/a/, /ɛ/, /e/, /i/, /ɨ/, /o/, /u/). Esquecen, logo, a diferenza do timbre, aberto e pechado, nas vocais medias. Isto provoca confusións polo feito de realizar igual un artigo (*o, a, os, as*) cás contraccións do mesmo coa proposi-

ción *a: ó, á, ós, ás*. Así escoitamos "ó neno foi atropelado por un camión", "os reféns voltaron a casa" por "o neno foi atropelado por un camión", "os reféns voltaron á casa".

En canto ás consoantes xa non se oen tantas confusións entre a consoante nasal velar sonora e a alveolar. Non é frecuente oír *alguna* por *algunha* ou *una* por *unha*. Este fenómeno non só se producía nos indefinidos, senón tamén na unión fonética dunha palabra rematada en consoante e o inicio doutra en vocal. Por exemplo en 1985 escoitábase dicir "unóme" por "un home", algo que hoxe xa non sucede.

Tamén resulta problemática a consoante fricativa prepalatal xorda. O trazo da palatalización non sempre se realiza. Deste xeito escóitase dicir *susto* por *xusto*, *sa* por *xa*. E ó contrario, ás veces palatalízase o *s* cercano a un *x*: *Xosé*, *xexa* por *Xosé*, *sexa*.

Afortunadamente estes erros son cada vez menos abundantes, así e todo a súa existencia constitúe un problema, posto que non debería haber ningún en antena. Ademais son os máis rechamantes nun medio de comunicación oral. A súa presenza supón que, en vez de conseguir normaliza-lo emprego do galego, se produza o efecto contrario ó que se persegue.

b) Morfosintácticos

Neste apartado atopamos un mal uso do xénero de substantivos e adxectivos. Escoitamos *o marxe, o árbore, mar riza, a leite, a costume*, etc. por *a marxe, a árbore, mar rizo, o leite, o costume*.

Tamén escoitamos substantivos femininos con artigos masculinos: *o área, o arma, o acta*, traducidos tal cal do castelán. Nesta lingua levan o artigo *el* para evita-la cacofonía que se produciría ó se encontraren dúas vocais iguais, aínda que o xénero do substantivo sexa feminino. Pero en galego non sucede iso e díse *a área, a arma, a acta*.

Tamén se aprecia unha confusión no uso de *testemuño* e *testemuña*. Por asociación das palabras rematadas en *-o* co masculino e das rematadas en *-a* co feminino, obsérvase o emprego de *testemuño* co significado de home que presencia un feito e *testemuña* unha muller que fai o mesmo, cando o significado de ámbalas formas é diferente: *testemuña* é unha persoa, home ou muller, que está presente cando se produce unha acción concreta, en tanto que *testemuño* é a declaración que fai unha testemuña do que viu.

Esténdese erroneamente a contracción de *todos* co artigo á forma do singular *todo* mailo artigo. Así de *tódolos, tódalas* faise un singular **tódolo, *tódala* por *todo o, toda a*. Por exemplo: a partir de "tódolos días" fan o singular *"*tódolo día"*, de "tódalas mañás" un singular *"*tódala mañá"*.

Por outra parte non sempre se realizan as contraccións de preposición e artigo. Así é posible escoitar sobre todo no caso dos topónimos *de A Coruña, en A Guarda* por *da Coruña, na Guarda*.

Nos pronomes persoais destaca a indistinción de *che* (complemento indirecto) e *te* (complemento directo): "¿que te dixeron?" por "¿que che dixeron?", "víronche" por "víronte".

Tamén se producen interferencias co castelán nos pronomes persoais. Así tamén se escoita ás veces o uso de *lle* por *o*: "saudámoslle desde aquí" por "saudámolo desde aquí".

E para rematar cos pronomes cómpre engadi-la utilización de *se* en construcións nas que en galego non aparece ese pronome: "bebéronse unhas copas" por "beberon unhas copas" ou "lévaste o premio do concurso" por "léva-lo premio do concurso". Este erro débese á tradución literal do castelán, co pronome incluído. E será mellor non falar da mala colocación dos pronomes, non tan abundante como hai varios anos, pero aínda relativamente frecuente.

Omítese esporadicamente o artigo ante o posesivo: "nosos óntes" por "os nosos oíntes", "en súa casa" por "na súa casa".

Nos indefinidos atópase o emprego de *algún*, *algunha* e *alguén* cando aparece un elemento negativo na oración en lugar das formas *ningún*, *ningunha*, *ninguén* que corresponderían. Por exemplo: "Non hai indicio algún", "sen polémica algunha", "non houbo alguén que o negase" por "non hai indicio ningún", "sen polémica ningunha", "non houbo ninguén que o negase".

Nos numerais cardinais confúndese o xénero de *dous* e *dúas* na forma masculina por interferencia co castelán, lingua que non posúe distinción de xénero neste número. Tamén se vacila nos compostos con *vinte*, *trinta*, *corenta*, etc.

En canto ós verbos é frecuente o uso de *creer*, *leer* por *crer* e *ler*. Créanse infinitivos falsos a partir de formas como *segue*, *serve*, *sofre*, *acode*, de xeito que oímos dicir *seguer*, *server*, *sofrer* ou *sofrir* e *acoder* ou *acodir*. Conxúganse como irregulares os verbos rematados en *-ecer* e *-ucir* por influxo do castelán, cando se trata de verbos regulares en galego. Así escoitamos "non é que o merezcamos", "o accidente prodúxose".

Tamén é habitual a introducción do complemento directo coa preposición *a* por castelanismo: "vostedes lembrarán ó noso invitado de hoxe".

E unha perífrase que se oe adoito é *ir a + infinitivo*: "O presidente vai a inaugurar unha ponte". En galego tal perífrase non leva a preposición, por tanto habería que dicir "o presidente vai inaugurar unha ponte". Tamén aparece a perífrase do francés *vir de + infinitivo* por *acabar de + infinitivo*. Ex.: "O voceiro do goberno vén de facer unhas declaracións" por "O voceiro do goberno acaba de facer unhas declaracións" ou "Vimos de recibir unha nova de última hora na nosa redacción" por "Acabamos de recibir unha nova de última hora na nosa redacción".

c) Léxico

Os problemas máis abundantes neste aspecto son os castelanismos e os hiperxebrismos.

Nos castelanismos as formas que máis aparecen son *plantexar*, *alonxar(se)*, *averiguar*, *concellal*, *parexa*, *baraxa*, *inversión*, etc. polas galegas *expoñer*, *cuestionar*

ou *presentar*, *arredar(se)* ou *afastar(se)*, *pescudar* ou *indagar*, *concelleiro*, *parella*, *baralla*, *investimento*.

Aínda son frecuentes tamén certos hiperenxebrismos como *humán* por *humano*, *semán* por *semana*, *primaveira* por *primavera*, *brilar* por *brillar*, *siñificar* por *significar*, *oficiña* por *oficina*, *gasoliña* por *gasolina*, *permañecer* por *permanecer*, *destiño* por *destino*, *zoa* por *zona*, *montana* por *montaña*, *ambiente* por *ambiente*, *estran* por *estraño*, *condea* por *condena*, etc.

Emprégase cada vez menos o arcaísmo *conquerir* por *conseguir*.

De tódolos xeitos apréciase un coidado cada vez maior nas palabras empregadas e xa non aparecen tantos hiperenxebrismos, castellanismos e moito menos arcaísmos, coma ó inicio da andaina da Radio Galega. É un signo máis do avance lingüístico acadado co tempo.

TOPONIMIA, HIDRONIMIA, ANTROPONIMIA

a) Toponimia

Os topónimos de Galicia sempre se utilizan en galego. Os do resto de España vacilan entre a forma propia do español, do catalán, do euskera ou mesmo do bable e a forma galeguizada. Dise así *Barajas* e *Baraxas*, *Guadalajara* e *Guadalaxara*, *Uvieu* e *Oviedo*, etc. Predomina nestes casos, de tódolos xeitos, a forma propia do castelán ou a das outras linguas.

Os topónimos doutros estados adáptanse ó galego.

b) Hidronimia

A hidronimia recibe o mesmo tratamento dado á toponimia. Aquí cabe salientalo que acontece cos ríos da Península Ibérica que atravesan Portugal tamén. Neste caso a forma empregada no galego é a coincidente co portugués. Por exemplo dise "o Douro", "o Texo" fronte a "Duero" e "Tajo" do castelán.

Os ríos pertencentes a outros estados tratan de adaptarse á fonética galega.

c) Antroponimia

En xeral os nomes de persoas galegas aparecen en galego sempre. Pola contra, os das persoas do resto do Estado manteñen a súa forma orixinaria. Isto mesmo é o que sucede cos de individuos doutros estados. Así escóitase dicir "Juan Guerra", "François Miterrand", "Narcis Serra", pero "Xerardo Fernández Albor", "Camilo Xosé Cela", etc.

Os apelidos galegos castellanizados unhas veces aparecen coa forma auténtica galega e outras non: "doutor Tojo" ou "doutor Toxo", "Sangiao" ou "Sanxiao", etc.

REPERCUSION DA LINGUA EMPREGADA NA RADIO GALEGA

A lingua utilizada ó pouco de empezar non tiña a calidade da empregada agora. Era lóxico por se-la primeira vez na historia que un medio de comunicación emitía integramente en galego as vinte e catro horas do día. Co tempo as melloras fóronse evidenciando, de xeito que vai camiño de conseguilo grao de perfección que debe te-lo idioma usado nun medio de comunicación, e que polo tanto vai servir de norma ós galegos.

Resulta interesante comprobar como no tempo que pasou desde que se creou esta radio aumentou o uso do galego na sociedade e mesmo noutras emisoras. Xa que logo, actuou como impulsora no proceso de normalización lingüística. Iso nótase en distintos aspectos: noutras emisoras e na mesma sociedade.

Despois de que a Radio Galega empezou a emitir-las vinte e catro horas en galego, empezaron a face-lo mesmo outras emisoras. Así Radio Catro, a emisora de Radio Nacional de España en Galicia, tamén emprega o galego en tódolos seus programas. As emisoras privadas son máis reacias ó seu emprego. Con todo cómpre dicir que Radio Popular de Vigo sempre se destacou polo seu apoio ó uso do idioma deste país nas súas emisións, o que segue a facer hoxe en día, actuando como punteira das radios comerciais. Outras emisoras comerciais, que fan os programas totalmente ou case totalmente en castelán, empezan agora a empregar-lo galego na publicidade e tamén nas emisións e utilizan os topónimos do país co seu nome correcto, ou sexa, o galego. Curiosamente tamén a publicidade en galego experimentou un cambio significativo: se hai algúns anos só se anunciaban no idioma propio de Galicia esterco, obxectos de caza e pesca, produtos agrícolas, etc. Agora, ademais da publicidade institucional da Xunta de Galicia, tamén hai anuncios en galego dirixidos á xente nova: moda, bares, discotecas, videoclubs, etc. véndense na lingua propia do país. Non é moita a que se fai, pero xa é algo que sexa en galego.

Tamén a Radio Galega ten pensado emitir publicidade. É de esperar que sexa toda en galego, polo ben da normalización do uso do idioma, e que non faga coma a Televisión de Galicia, que tamén emite anuncios en castelán.

Na sociedade nótase un cambio de actitude nestes últimos anos con respecto ó galego. Hai cinco anos había invitados que non aceptaban de boa gana falar en galego nun medio de comunicación; hoxe intentan empregalo e ademais séntense seguros ó facelo, sen medo de face-lo ridículo, xa que o grao de coñecemento é maior en xeral. O mesmo sucede co público que intervéñ nos programas. Demostra coñece-lo galego estándar, o que non sucedía en 1985. E isto débese ó papel desempeñado pola Radio e a Televisión galegas cada vez máis implantadas entre a xente.

CONCLUSIONS

Se os medios de comunicación galegos foron creados cunha clara función de normalización do idioma do país entre a sociedade, deben realizar esa tarefa

que lles é propia. Para iso debe existir un maior coidado coa lingua empregada en antena. Débese evitar por tanto que se escoiten acentos estraños e non galegos nos locutores, que son parte moi importante no proceso de estandarización e de asentamento do galego na sociedade.

É evidente que a radio, coma a televisión galega, teñen unha boa acollida na poboación e non lle poden fallar. Ámbolos medios teñen que caracterizarse por ser modelos do bo galego e para iso cómpre unha maior atención de todos: locutores, directores dos medios, políticos en xeral...

Quizá pareza que se avanza con lentitude no proceso de normalización lingüística nos medios de comunicación, pero se botámo-la mirada ó que acontecía hai cinco anos, decatámonos de que si está ocorrendo algo importante e, aínda que non sexa tan rápido como desexamos, vaise cara a adiante.

Que se está a desenvolver un papel fundamental xa se está a demostrar: a actitude da xente con respecto á súa propia lingua está cambiando para ben. Cada vez hai máis galegos orgullosos de teren unha lingua diferenciada da das outras comunidades veciñas e orgullosos tamén de falala. Cada vez hai menos xente reacia a empregala en calquera circunstancia. A realidade que vivimos, apoiada polos medios de comunicación, demostra que, se realmente queremos, o galego terá futuro e iso tan só depende da vontade do pobo galego, porque nela está o porvir da nosa lingua.